



Alegacións presentadas ante a AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL-S.CIBRAO

por: A.VV. O Cruceiro de Mehá, A.C. Fuco Buxán, Ateneo Ferrolán e ADEGA, en representación do

COMITÉ CIDADAN DE EMERXENCIA PARA A RÍA DE FERROL

Asunto:

"Modificación puntual substancial da delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto e Ría de Ferrol para afectación de partes de terreo en Punta Promontorio (Área de Mugardos), Xuño 2011"

Introdución.

As persoas que en representación de distintas entidades sociais presentamos estas alegacións, facémolo no convencemento de que, como o seu propio título indica, trátase dunha modificación "substancial", que vai máis aló de puro trámite administrativo, ou simple obxectivo de aumento do canon a pagar polas empresas *Forestal del Atlántico* e *Reganosa*, tal e como se nos indicou no momento de recoller a información, dispoñíbel a exposición pública na Autoridade Portuaria. Pola contra, cremos que esta modificación pon ao descuberto graves incumprimentos e irregularidades, e mesmo, caso de ser aprobada, vai perpetuar ilegalidades que benefician substancialmente aos promotores destas empresas e perxudican os intereses da cidadanía. Isto é o que nos move a presentar estas alegacións:

1. Antecedentes.

Para teren presentes os datos relevantes, convén recordar algúns datos históricos. A concesión da que actualmente goza a empresa *Forestal del Atlántico* naceu coa empresa "*Deslastres y Desgasificaciones*", S.A. (DESSA). Esta empresa xurdiu, por requisitos de seguridade laboral, para deslastrar e desgasificar os tanques dos barcos que ían entrar a reparar nos estaleiros da Ría. De feito, os seus socios fundadores eran os estaleiros Astano, Bazán e a empresa de remolcadores da Ría.

Só polos fins que a orixinaron, foi considerada de utilidade pública, e para facilitar a súa actividade, por O.M. do 1 de xullo de 1977 outorgóuselle concesión administrativa para desenvolver esa actividade, ao servizo dos estaleiros da Ría de Ferrol. Para elo modificáronse o ancho da zona de servidume de protección do Dominio Público Terrestre, reducíndoos a 20 metros a partir da liña de deslinde na zona de Punta Promontorio, entre os vértices 216 e 233.

Por O.M. de 5 de agosto de 1987, o Ministerio de Obras Públicas concedeu a autorización para o cambio desa concesión previa de DESSA, a favor de *Forestal del Atlántico*, S.A. para continuar coa mesma actividade de deslastre ao servizo dos estaleiros, aínda a pesar de recoñecer que no futuro podería non ser rendíbel (Solicitud de Forestal 31 maio 1989, folla 2): e que *Forestal del Atlántico* recoñece expresamente "que se subroga en todos os dereitos e obrigacións da citada concesión" (folla 2 da solicitude ampliación de usos feita por *Forestal* o 19 xullo do 1988, para ampliación a fábrica de colas), xa que cambiar a calquera outra actividade conlevaría o ter que solicitar de novo a concesión, e en caso de no ser aprobada por Orden Ministerial, estaría obrigada a manter a distancia de 100 m desde a liña de deslinde do D.P.M.T. De

feito na solicitude feita por Forestal, xa entende que as obras das instalacións para a fábrica de colas, débeas realizar fora dos terreos de dominio público (ver follas 2 da solicitude de ampliación de usos de 19 xullo de 1988).

2. Feitos comprobados ata o momento.

2.1.- Na realidade, Forestal esqueceuse desta condición -anteriormente citada- e construíu varios tanques dentro dos 100 metros de servidume de protección, entre os vértices 203 e 215, que non contan cos beneficios de redución da zona de servidume de protección que inicialmente tiña DESSA, o que incumpre a Ley de Costas e polo tanto esa Autoridade Portuaria debería retirar a concesión actual e esixir a devolución de toda a superficie da concesión ao seu estado primitivo. Así mesmo, a nave que contén a central de coxeneración está construída na zona de servidume de 100 m, en contra das condicións impostas para a ampliación de usos do 19 de xullo de 1988 de non construír na zona de dominio público.

2.2.- Non debemos obviar o acontecido durante estes últimos 10 anos coincidindo coa posta en marcha do Porto Exterior, que tiña como obxectivo albergar os tráxicos nocivos (chatarra, carbón , Planta de gas) liberando os espazos interiores da Ría e eliminando os perigos de accidente dun grande buque cargado na canle de entrada.

A pesar de que a instalación dunha planta de gas, como parte das instalacións do Porto Exterior de Ferrol, contaba con todas as autorizacións, mesmo a Declaración de Impacto Ambiental positiva con data 19 de maio de 1994 (BOE nº 141 de 14 de xuño de 1994, decidiuse a relocalización da Planta de gas de Reganosa en Punta Promontorio, no interior da Ría, en contra de todos os requisitos técnicos e esixencias legais.

2.3.- Neste contexto, ten lugar o recheo ilegal na Ría, de máis de 122.000 m², entre os anos 1999-2000. A petición realizada no ano 1997 por *Forestal del Atlántico*, só para facer o recheo de 59.950 m² aludindo á necesidade da ampliación do porto, ante o suposto incremento dos fretes. A Declaración de Impacto Ambiental (1998) recolle un máximo admisible de 90.000 m². Ademais, no recheo foron soterrados os residuos da actividade de deslastre, na vez de envialos á Planta de Somozas, efectuándose un dragado de 250.000 m³ de áridos e un aumento do calado non contemplados no proxecto básico da concesión (14/05/97), nin a Declaración de Impacto Ambiental. Unha vez logrado o recheo anúnciase a localización da Planta de Gas. Reganosa solicita a cesión dunha parte da concesión marítimo-terrestre orixinalmente outorgada a Forestal.

2.4.- A estratexia de ocultación e engano dos promotores de Reganosa será constante ao longo de toda a tramitación, outro exemplo o constitúe o sistema de regasificación, así o proxecto inicial propón un sistema de circuíto pechado, queimando parte do gas do boil-off xerado polos tanques e sen utilizar auga da Ría. Pero unha vez conseguida a autorización, implantan outro “máis económico”. Un sistema de vaporizadores que usa auga do mar, 13.200 m³/h, que esterilizan a base de hipoclorito e devolven á Ría a 6º C máis fría, provocando a morte de larvas, ovos, especies, plancto, rompendo a cadea trófica, e que agora pretenden ampliar a 26.000 m³/h.

2.5.- A planta de gas é unha instalación ilegal que incumpre toda a normativa medio ambiental e constitúe unha ameaza para a vida de miles de persoas. Catro anos despois da súa posta en marcha ten resultado ser un fracaso económico, que pagamos todas e todos os cidadáns, con perda de potencialidade marisqueira, turística e deportiva para a zona, e un hándicap para a declaración de Patrimonio da Humanidade dos Arsenais, Castelos, etc. Os efectos perniciosos dos recheos, dos vertidos químicos de Forestal e

agora do sistema de regasificación, no só afectan directamente aos bancos marisqueiros de Sta. Lucia, La Barca e Noville (ricos en ameixa) anexos a Punta Promontorio, senón ao conxunto dun ecosistema como o da Ría de Ferrol, una Ría pechada que comunica co Océano a través dunha canle estreita de 4,5 Km e polo tanto onde a renovación das súas augas é menor que noutras Rías. Non é casual a baixada do volume das capturas por parte dos mariscadores, que ven ameazado o seu futuro. Estamos falando da segunda empresa de Ferrolterra (700 postos de traballo). Outra agresión á Ría o constitúe a pretensión do dragado da canle de entrada, sen máis sentido, en pleno funcionamento do Porto Exterior, que os intereses de Reganosa.

2.6.- Por esta serie de feitos, a Autoridade Portuaria, en vez de regularizar a situación actual de ocupación ilegal de superficies, debería retirar inmediatamente a concesión a *Forestal del Atlántico*, por incumprimento grave dunha das condicións con que se outorgou a concesión, xa que desde o ano 2002, no que se efectuou o deslinde de Costas, está ocupando unha superficie que non é da súa propiedade nen está incluída na concesión actual.

2.7.- O cambio de usos é consubstancial ao cambio de ámbito. Tendo en conta o apartado 1 da páxina 6 do documento de modificación de xuño de 2011, as zonas afectadas pola modificación da delimitación que se tramita, son, ao mesmo tempo, propiedade de Reganosa e *Forestal do Atlántico*, e tamén dominio público marítimo terrestre, xestionado por *Costas del Estado*; e non están afectadas á zona de servizo do porto de Ferrol.

Uns terreos non poden ser, ao mesmo tempo, propiedade de *Reganosa-Forestal del Atlántico* e dominio público. Son dominio público desde a publicación do deslinde de DPMT de 13-03-2002.

A *Ley de Costas*, na súa Disposición transitoria 3ª e art. 13. 1. dí: “*El deslinde aprobado, al constatar la existencia de las características físicas relacionadas en los artículos 3, 4 y 5, declara la posesión y la titularidad dominical a favor del Estado, dando lugar al amojonamiento y sin que las inscripciones del Registro de la Propiedad puedan prevalecer frente a la naturaleza demanial de los bienes deslindados*”.

Segundo a Lei de Costas, cando se aprobase un novo deslinde (como é o caso) que deixase dentro do dominio público algo que antes non estaba, deberá a propiedade, solicitar unha concesión de 30 anos, dentro do prazo dun ano despois da aprobación do novo deslinde (13-03-2004, como moi tarde), [disposición transitoria 1., 4 da *Ley de Costas*]. Nin Reganosa nin *Forestal del Atlántico* o fixeron, e agora están tentando subsanar este erro modificando o ámbito portuario.

Se non se tivese solicitada a concesión sobre os terreos antes privados e agora de dominio público poderíase entender que, efectivamente, *Forestal del Atlántico e Reganosa*, non están completamente en terreos privados ou en terreos portuarios concesionados, senón que están ocupando terreos de dominio público non portuarios, para unha actividade non amparada polo título III da Lei de Costas.

Esta, e non outra, seguramente, é a razón da modificación substancial do ámbito portuario, para despois dá-lo paso de concesionar estes terreos a Reganosa e *Forestal*. Pero esta mesma iniciativa da Autoridade Portuaria pon en evidencia hoxe en día, a irregularidade da ocupación de terreos de dominio público non concesionados.

2.8.- De acordo ao texto do anuncio da Demarcación de Costas, BOE nº 109 do 7

de maio de 2003, apartado III, concedíase un ano de prazo para solicitar a correspondente concesión a aqueles titulares que o solicitasen. Dado que transcorreu máis de 8 anos sen que Forestal o fixese, está totalmente fora de prazo a proposta que agora realiza a Autoridade Portuaria de Ferrol. Ademais, inicialo agora a Autoridade Portuaria, en vez da empresa interesada -*Forestal del Atlántico*- e fora do prazo concedido, representa unha actuación arbitraria da Administración e unha utilización fraudulenta do procedemento establecido.

Aínda máis, polo Acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria Ferrol- S. Cibrao do 31/xullo do 2002, modifícase a concesión que tiña *Forestal del Atlántico* de modo que o 49 % desa concesión cedéuselle á empresa Reganosa, e esta empresa tamén construíu tanques na zona servidume de protección de 100 m, en concreto entre os vértices 236 e 242, en contra do informe da Consellería de Pesca do 4 de maio do 2002 que requiría a declaración de utilidade pública da instalación para poder construír nesta zona. A pesar de que Reganosa solicitou expresamente a declaración de utilidade pública ata en dúas ocasións, ata o momento non se lle ten concedido expresamente, co que está incumprindo a Ley de Costas. Isto é razón suficiente para anular a concesión que agora ten.

2.9.- Tamén é importante destacar o impacto que supuxo a nova actividade de *Forestal del Atlántico*, xa que as instalacións de DESSA só tiñan cinco tanques: TL-1, TL-2, TS-3, TS-4 e TS-5, un tanque de retención final, unha casa de bombas e unha central de vapor.

Na actualidade, contando coas sucesivas ampliacións a actividades de fábrica de colas, almacenamento e transporte de combustibles, e outros derivados do petróleo, así como os relacionados coa actividade de coxeneración, acada un total de cuarenta e tres tanques, cun total de capacidade de almacenamento de 6.841 m³ en produtos químicos e 270.700 m³ en combustibles e derivados do petróleo. Ademais, tamén se engadiron as instalacións da central de coxeneración.

3. Extemporaneidade da proposta de modificación.

O deslinde en base ao que agora se solicita a modificación, foi aprobado por O.M. de 13 de marzo de 2002, hai agora máis de 9 anos. Tendo en conta que a concesión de Forestal termina en xullo de 2017, só restan 6 anos para finalizala, e ben podería quedar sen variar, tal e como se mantivo nos últimos 9 anos. A razón agora esgrimida, nalgúns ámbitos pola Autoridade Portuaria, de intención de aumentar o canon, non se corresponde ademais, coa política levada a cabo por esa administración para con *Forestal del Atlántico*, desde o inicio da súa actividade ata agora. Esa política foi ata o momento de reducir os cánones. Por exemplo, con data 31 de xullo de 1989, a Autoridade Portuaria reduce o canon por usos industriais ao 50 % do previsto por lei.

Esta é unha das razóns que fai pensar que esta proposta de modificación, formulada a 6 anos vista da caducidade da concesión outorgada no ano 1987, ten outros obxectivos ben diferentes aos que se nos manifestou de palabra na Autoridade Portuaria de simple variación do canon.

Dado que a orixe da concesión inicial e o compromiso inicial de *Forestal del Atlántico* era de continuar coa actividade de deslastre, “aínda que non fose rendíbel” e de portas afora parece que esa actividade non se realiza ou é moi escasa, é polo que,

SOLICITAMOS relación detallada dos buques que, nos últimos 5 anos, realizaron deslastre nesas instalacións. Nesa relación solicitamos tamén que conste o nome do buque, volumen de slops retirados de cada buque, volume de fuel ou gasoil recuperado e certificado de lodos e refugallos non aproveitábeis, entregados a empresas de reciclaxe de residuos homologadas. Neste último punto, non sería suficiente presentar contratos marcos abertos con determinadas empresas, senón retiradas físicas e cantidades en datas concretas.

A modificación substancial formulada pola Autoridade Portuaria, aparece ao unísono da modificación puntual do PXOM de Mugar dos de Mugardos que pretende, catro anos despois da entrada en funcionamento da planta de gas, “cualificar pertinentemente” o solo onde se levanta.

Ambas iniciativas non teñen máis obxectivos que favorecer os intereses de Reganosa. A ampliación que veñen reclamando os seus promotores non se sustenta en ningún dato (producción actual de Reganosa inferior ao 40%, funcionamento escaso dos ciclos, demanda prevista, etc, etc), máis ben, dita ampliación forma parte da burbulla enerxética impulsada por e para o seu enriquecemento a costa dos recursos da cidadanía (investimento público), a destrución da Ría (perdas no banco marisqueiro), do Patrimonio (xacimento do Cadaval) e a ameaza á vida de miles de persoas.

As Rías constitúen un patrimonio singular de Galicia, e, en particular a Ría de Ferrol, sofre xa un alto nivel de degradación pola negligencia no seu saneamento. Neglixencia na que concurren diferentes administracións, entre outras, a Autoridade Portuaria. É por elo que esiximos, un cambio de rumbo e coherencia, a una administración directamente responsábel da defensa da nosa Ría, declarada zona sensible ao amparo das directivas europeas.

Non procede por tanto a transferencia a esta Administración da franxa de solo que se reclama, nin a modificación de usos que se formula. Ante a flagrante ilegalidade da planta de Reganosa; os reiterados incumprimentos por parte desta e *Forestal del Atlántico*, o que procede é a restitución da legalidade e o rescate da concesión outorgada no seu día a *Forestal del Atlántico* e Reganosa.

4. Outras irregularidades.

4.1.- O documento presentado agora pola Autoridade Portuaria **non xustifica, de ningún modo, a necesidade desta modificación substancial**, incumprindo o artigo 94.2 da Lei 48/2003. A realidade é que é unha confirmación de que desde o ano 2002, ano no que se efectuou o deslinde, Forestal está ocupando uns terreos que nin son da súa propiedade, nin forman parte da superficie obxecto da concesión actual (razón pola que a Autoridade Portuaria solicita agora a súa titularidade), por tanto veñen sendo ocupados de maneira fraudulenta e de forma continuada durante máis de 9 anos.

4.2.- As actividades que realizan as empresas asentadas nesta concesión portuaria -que agora se quere modificar- son as seguintes: fabricación de colas, impregnación de tableiros e papel, almacenamento de hidrocarburos, coxeneración de electricidade. Ningunha destas actividades teñen xustificando a necesidade do seu asentamento en solo portuario en función do tráfico portuario que xeran (Art. 94.1 da lei 48/2003).

A ampliación de superficies e peiraos que solicitou Forestal, e foi obxecto dunha modificación da concesión outorgada por resolución da Autoridade Portuaria en data 14-05-97, para ampliación de superficies e peiraos, argumentaba a súa necesidade en base

a un incremento importante dos fretes. Nos anos transcorridos desde entón, a maior parte das semanas do ano, non hai ningún barco atracado neses peiraos, o que parece confirmar que tal incremento que xustificaba a ampliación, era ficticio e foi utilizado co único obxectivo de aumentar os peiraos, que logo cederían a Reganosa en case a metade da concesión.

Solicitamos por tanto á Autoridade Portuaria, que nos remita e incorpore a estas alegacións, o rexistro histórico das cargas e descargas de mercancías que se teñen realizado na concesión portuaria da que goza *Forestal del Atlántico*, desde o ano 2000, ano no que se modifican os usos dos espazos portuarios en Punta Promontorio.

En calquera caso, a incorporación de novas superficies ao dominio público portuario non pode supor que se lle outorgue a concesión da nova superficie a empresas que non xustifican o seu asentamento en dominio público portuario.

Estas empresas non poden alegar necesidade de novas superficies portuarias, cando hai poucos anos, e en un lucrativo negocio, *Forestal del Atlántico* transferiu a Reganosa o 49 % da súa concesión portuaria por un importe de 21 millóns de euros cando pagaba á autoridade portuaria polo 100 % da superficie, tan só 142.576 euros. Ou, noutro exemplo do que decimos, o día 21 de marzo do ano 2001, vendeu a REGANOSA terreos por valor de 4.449.459 euros, cando a segregación correspondente de *Forestal* en data 3 de marzo do 2001, só alcanzaba un valor de 285.480 euros (segundo datos do rexistro da propiedade e dos depósitos de contas de ambas empresas).

Reganosa e *Forestal del Atlántico* veñen ocupando ilegalmente coa súas instalacións o Dominio Público Marítimo Terrestre que agora se quere incorporar ao Dominio Portuario. Solicitamos ao *Servicio de Demarcación de Costas del Estado* que nos remita, e se incorporen a estas alegacións, calquera tipo de expediente aberto ou resolto que afecte a *Forestal del Atlántico* e Reganosa.

CONCLUSIONES

1) Contrariamente ao expresado por parte da Autoridade Portuaria nalgúns instancias, as consecuencias do acto que se alega, van moito máis aló das puramente administrativas, como un posíbel aumento do canon de concesión, senón que veñen confirmar ilegalidades que pretenden ter continuación cunha decisión que persegue, despois de modificar o ámbito portuario, aumentar a concesión innecesaria ás empresas *Forestal del Atlántico* e Reganosa).

2) “*La modificación puntual substancial de los espacios y usos portuarios del puerto y Ría de Ferrol para afectación de porciones de terreno en Punta Promontorio*” é un acto administrativo fraudulento que ven a ocultar unha infracción da *Ley de Costas*, tipificada como grave, descrita no seu artigo 91.2.b).

3) Como da propia documentación da modificación se pode inferir, nin *Forestal del Atlántico* nin Reganosa, están desenvolvendo a súa actividade exclusivamente en terreos concesionados ou de titularidade privada, ocupando, hoxe en día, terreos de dominio público non portuarios, desenvolvendo nestes, actividades industriais e usos construtivos incompatibles cos usos autorizables ao abeiro do título III da *Ley de Costas*.

4) Fronte a esta situación, lonxe de actuar no eido de restaurar a legalidade e evitar que se continúe a infrinxir a *Ley de Costas* neste espazo de dominio público, as

administracións públicas implicadas, unha por pasiva e outra por activa, están a realizar unha labor de encubrimento da infracción. A saber

- A Dirección Xeral de Costas da Xunta de Galicia, non incoando de oficio un expediente que repoña a legalidade do uso dentro do dominio público, deixando así que os usos e a ocupación non autorizable do dominio público persista.

- A Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, promovendo un expediente de modificación puntual substancial da delimitación dos espazos e usos portuarios, entendendo este paso como necesario á xa prevista concesión de terreos portuarios ás empresas Reganosa e *Forestal del Atlántico* que hoxe en día ocupan ilegalmente o dominio público.

- O Concello de Mugardos, promovendo unha modificación puntual do PXOM (aprobada inicialmente polo Pleno con data 2 de agosto), que, lóxicamente, limita o cambio de cualificación dos solos urbanos industriais á zona das parcelas de titularidade privada, chegando ao deslinde do dominio público marítimo- terrestre vixente.

5) Sen esta previa modificación puntual da delimitación de espazos e usos portuarios que promove a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, e unha posterior concesión administrativa á empresa Reganosa dos novos solos portuarios, a modificación puntual do PXOM promovida polo Concello de Mugardos sería **insuficiente** para legaliza-la situación dos usos industriais de Regasificación de GNL da empresa Reganosa (despois da sentenza 00311/2008 do TSXG de data 22/04/2008 anulando a modificación puntual do PXOM aprobada polo Concello-Pleno de Mugardos o 31/01/2003).

6) Por todas as irregularidades expostas nos puntos 2, 3 e 4 deste documento, non procede realizar unha modificación substancial dos usos e delimitacións do espazo portuario en Punta Promontoiro.

Por todo isto,

SOLICITAMOS:

1.- A retirada inmediata da proposta de Modificación Puntual Substancial da Delimitación dos espazos e usos Portuarios en Punta Promontoiro de Xuño de 2011.

2.- Retirar as concesións que actualmente teñen as empresas *Forestal del Atlántico* e *Reganosa*, polas irregularidades de construción e usos, contrarias á *Ley de Costas* e restitución das superficies ao seu estado primitivo, con cargo ás empresas respectivas.

3.- Se nos remita e incorpore a estas alegacións o rexistro histórico das cargas e descargas de mercancías que se teñen realizado na concesión portuaria da que goza *Forestal del Atlántico* desde o ano 2000.

4.- Se nos remita e incorpore a estas alegacións relación detallada dos buques que, nos últimos 5 anos, realizaron deslastre dos seus tanques nesas instalacións. Neles deberá constar o nome do buque, volume de slops retirados de cada buque, volume de fuel ou gasoil recuperado e certificado de lodos e refugallo non aproveitables, entregados a empresas de reciclaxe en cantidades e datas concretas.

Ferrol, a 19 de agosto de 2011